

Sara Cazzoli



Sara Cazzoli é investigadora do Instituto de Astrofísica de Andalucía, [IAA-CSIC](#) -CSIC, en Granada.

A súa liña de investigación é a evolución das galaxias.

Licenciada en Astrofísicas pola Universidade de Bologna (Italia), realizou a súa tese doutoral facendo unha *“Búsqueda de supervientos de gas neutro en galaxias luminosas cercanas con fuerte formación estelar”*, no Centro de Astrobioloxía (CAB) do CSIC en Madrid, en colaboración co grupo de evolución de galaxias da Universidade de Cambridge (UK).

Participa activamente na Unión Astronómica Internacional (grupo de traballo equidade e inclusión), na Sociedade Española de Astronomía (SEXA) e na Asociación de Mujeres Investigadoras e Tecnólogas ([AMIT](#)).

Dedícase á divulgación científica e á promoción do papel das mulleres na ciencia desde 2016. O abanico das súas actividades inclúe a participación en proxectos audiovisuais ([webserie Camino a congreso](#)), produción de monólogos científicos (semi-finalista de Famelab 2021), realización de charlas

e talleres, e a elaboración de artigos en periódicos/revistas (El País, Revista de cultura científica e boletín da SEXA). Ten experiencia en técnicas de técnicas teatrais aplicadas á ciencia (dramaturxia, actuación e improvisación). A súa curtametraxe «*Movimiento, teatro, SgrA* y acción*» obtivo o primeiro premio do CSIC de Divulgación.

[¡Movimiento, teatro, SgrA* ... y telón!](#)

O seu último gran proxecto de divulgación foi a coordinación de [Espacio 3](#), un laboratorio de Ciencia, Teatro e Improvisación, coa financiación da *Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (FECYT)*

Máis enlaces

Páxina do proxecto

[Clementina y los planetas](#)

Páxina do teatro Nauta

[Clementina y los planetas de Nauta Teatro](#)

Entrevista con Sara Cazzoli en *La Opinión*

[El universo en la Casa de las Ciencias de A Coruña ...](#)

